

# Uns cociñeiros

## especiais



### RETO

Xa sabes que estas semanas imos falar moito de receitas. Penso que vas ser un cociñeiro ou cociñeira moi especial. Adiante!



## Narrar en primeira persoa

### 1. Le os textos seguintes.



Xiana **prepara** o **seu** sándwich preferido. Primeiro, **unta** unha torrada de pan de molde con manteiga. Despois, **coloca** unha lasca de xamón cocido e **engade** un anaco de queixo. Finalmente, **pon** enriba outra torrada de pan e... a merendar!



2

x



Xacobe **prepara** un bo zume. Primeiro, **parte** dúas laranxas pola metade. A continuación, **saca** o zume co espremador e **bótalo** nun vaso. Para acabar **engade** un pouco azucre e **remexe** todo. Hum, como lle sabe!

2. Fíxate nas palabras destacadas do segundo, e nas que subliñei máis abaixo. Son os cambios que temos que facer para escribilo coma se fosemos os protagonistas.

🎯 **prepara** preparo🎯 **seu** meu🎯 **unta** unto🎯 **coloca** coloco🎯 **engade** engado🎯 **pon** poño🎯 **prepara** preparo🎯 **parte** parto🎯 **saca** saco🎯 **bótalo** bóto🎯 **engade** engado🎯 **remexe** remexo


Así quedaría o segundo texto cos cambios que subliñei para que fose eu a protagonista.

**Eu preparo** un bo zume. Primeiro, **parto** dúas laranxas pola metade. A continuación, **saco** o zume co espremedor e **bóteo** nun vaso. Para acabar **engado** un pouco azucre e **remexo** todo. Hum, como **me** sabe!

x

3

### NA ÚLTIMA PÁXINA DESTE DOCUMENTO TES QUE REALIZAR ESTA ACTIVIDADE.

-  Agora escribe, na túa **libreta**, o primeiro texto cos cambios que tes que facer par escribilo en primeira persoa.



**Eu preparo o meu ...**



### O equipo alfabético na cociña

Para xogar a este xogo propón na túa casa dividirvos en equipos. Teredes **10 minutos para xuntar todos os obxectos** da cociña que poidades e decidades. Por exemplo: un membro colle os electrodomésticos pequenos, outro os obxectos da vaixela (pratos, fontes e demais recipientes para servir a comida), os cubertos (culler, garfo, coitelo...), etc

Cando o tempo remate, teredes **10 minutos máis para colocar en orde alfabética** os obxectos que xuntastes enriba dunha fila na mesa.


Por cada obxecto que estea ben ordenado, sumaredes un punto. Tedes que comprobar a súa escrita co dicionario.

Os obxectos que non estean no lugar que lles corresponde non sumarán puntos.

Gañará o equipo que teña máis obxectos ben ordenados e que, polo tanto, acumule máis puntos.

4

## NA ÚLTIMA PÁXINA DESTE DOCUMENTO COMPLETA A TABOA



**Unha vez realizada; as tarefas que propuxen, pode; mandarme esta última páxina ou todo o documento. Como prefira;.**



Agora escribe o primeiro texto cos cambios que tes que facer para escribilo en primeira persoa.

5



### O equipo alfabético na cociña

| NOME | OBXECTOS ATOPADOS |
|------|-------------------|
|      |                   |
|      |                   |
|      |                   |
|      |                   |
|      |                   |